

PROCESO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, POR PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, DO POSTO DE ADMINISTRATIVO/A XEFE/A DO NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL E CONTRATACIÓN, INCLUÍDO NA OEP 2026**ACTA Nº 1: CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN DE VALORACIÓN, VALORACIÓN DE MÉRITOS E PROPOSTA DEFINITIVA DE ADXUDICACIÓN**

EXPEDIENTE Nº 2026/E001/000004

No Concello de Cee, o día 20 de xullo de 2026, ás 09:00 horas, reúnen-se as persoas integrantes da Comisión de Valoración designada para valorar os méritos das persoas aspirantes no proceso selectivo para a provisión en propiedade, por promoción interna vertical, do posto de Administrativo/a Xefe/a do Negociado de Secretaría Xeral e Contratación, incluído na OEP 2026.

1. Constitución da Comisión de Valoración

De conformidade co establecido nas bases específicas da convocatoria, queda constituída a Comisión de Valoración coa seguinte composición:

Cargo	Titular / función	Observacións
Presidencia	Rocío Hermida Cancela	Asiste
Vogal primeira	Angelina Blanco Rial	Asiste
Secretaría	Juan Carlos Santabaya Louzán	Asiste
Vogal segundo	Jesús Roget Salgado	Non asiste
Vogal segunda suplente	Paula Cores Barral	Non asiste

Faise constar que non asisten o vogal segundo titular nin a súa suplente por atoparse non dispoñibles por vacacións. A Comisión de Valoración, coas persoas asistentes indicadas, inicia a sesión para a revisión da documentación presentada e a valoración dos méritos acreditados.

2. Antecedentes

- Decreto nº 557/2026, do 9 de xuño de 2026, polo que se aproban as bases específicas que rexen a convocatoria para a provisión en propiedade, por promoción interna vertical, do posto de Administrativo/a Xefe/a do Negociado de Secretaría Xeral e Contratación, incluído na OEP 2026.
- Anuncio publicado no BOP da Coruña nº 110, do 12 de xuño de 2026, relativo á aprobación das bases específicas da convocatoria.
- Anuncio publicado no BOE nº 150, do 20 de xuño de 2026, baixo o título “Resolución de 15 de junio de 2026, del Ayuntamiento de Cee (A Coruña), referente a la convocatoria para proveer puesto de trabajo por el sistema de concurso”.



- Informe do Rexistro Xeral de Documentos do Concello de Cee, do 13 de xullo de 2026, sobre as solicitudes presentadas no prazo comprendido entre o 21 de xuño e o 10 de xullo de 2026, ambos incluídos.
- Decreto nº 717/2026, do 13 de xullo de 2026, de aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas, no que consta a admisión da única solicitude presentada e a inexistencia de persoas aspirantes excluídas.
- Anuncio publicado no BOP da Coruña nº 134, do 17 de xullo de 2026, relativo á listaxe definitiva de persoas admitidas no proceso selectivo.

3. Persoas admitidas

Nome e apelidos	DNI
Francisco Javier Landeira Rial	***2530**

4. Valoración da fase de concurso

A Comisión procede á revisión da documentación achegada pola persoa aspirante e á valoración dos méritos acreditados, de acordo coa base 7ª da convocatoria.

DNI	Experiencia profesional	Formación	Grao	Total
***2530**	9,00	5,00	2,50	16,50

A puntuación total obtida pola persoa aspirante é de 16,50 puntos.

5. Proposta definitiva de adxudicación do posto

Rematada a valoración e constando unha única persoa aspirante admitida, a Comisión de Valoración deixa constancia do resultado obtido e formula proposta de adxudicación do posto a favor da persoa candidata que figura a continuación, sen prexuízo da tramitación que proceda conforme ao previsto na base 8ª da convocatoria:

Nome e apelidos	DNI	Puntuación total
Francisco Javier Landeira Rial	***2530**	16,50

A Comisión de Valoración propón ao órgano competente a **adxudicación do posto de Administrativo/a Xefe/a do Negociado de Secretaría Xeral e Contratación a favor de Francisco Javier Landeira Rial**, por ser a única persoa aspirante admitida e reunir, conforme a documentación examinada, a puntuación indicada no presente acordo. A proposta elevarase ao órgano convocante para a súa tramitación e publicación nos termos previstos nas bases específicas da convocatoria.



6. Toma de posesión

De conformidade coa base 8ª da convocatoria, a persoa concursante que obteña o posto de traballo deberá tomar posesión con efectos do primeiro día do mes inmediato posterior, salvo adiamento acordado pola Entidade. Non obstante, **atendida a urxencia existente na cobertura inmediata do posto, a Comisión propón que a toma de posesión se produza o día 24 de xullo de 2026**, se así o acorda o órgano competente.

7. Peche da sesión

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión ás 09:45 horas. Da presente acta, que se estende no lugar e data indicados, dá fe a Secretaría, co visto e praxe da Presidencia e a conformidade das persoas vogais asistentes.

O secretario

A presidenta

A vogal